

Normativa interna de adscrición

CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL

CIF

ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. TIPO DE MEMBROS**
- 3. ADSCRICIÓN E DESADSCRICIÓN**
- 4. REQUISITOS DE ADSCRICIÓN DE PERMANENTES/NON PERMANENTES/en FORMACIÓN**
- 5. PROCESO DE AVALIACIÓN DE PERMANENTES/NON PERMANENTES/en FORMACIÓN**
- 6. LISTAXE DE SOLICITUDES E RESOLUCIÓN**
- 7. BENEFICIOS DAS PERSOAS ADSCRITAS AO CIF**
- 8. OBRIGAS DAS PERSOAS ADSCRITASMEMBROS DO CIF**
- 9. DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**

Normativa interna de adscrición ao CIF da Universidade da Coruña

1. Introducción

O Campus Industrial de Ferrol (CIF) é un campus de especialización do Sistema universitario de Galicia (SUG).

O Campus Industrial supón unha identidade propia, unha especialización docente e científica que permite aproveitar a través dunha axeitada valorización dos seus resultados as potencialidades da súa contorna e fomentar as súas posibilidades de conectar coas novas necesidades de crecemento e progreso, da man da industria e dos axentes institucionais.

Con esta nova normativa preténdese detallar o proceso de adscrición/permanencia e avaliación das persoas membros do CIF.

O citado Campus Industrial persegue os seguintes fins:

Misión:

O Campus Industrial de Ferrol ten como misión afondar na súa especialización dentro dos ámbitos da Industria Intelixente e a Fabricación Avanzada a través dunha perspectiva integrada e multidisciplinar na que se potencie a docencia, a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a transferencia de coñecemento do Campus de Ferrol ao tecido empresarial do entorno e a sociedade en xeral.

Con iso, o Campus Industrial quere ser un axente estratéxico que contribúa a mellorar a competitividade, eficiencia e sustentabilidade tanto dos sectores industriais estratéxicos de Galicia (naval, enerxético, téxtil, etc.) como dos sectores emerxentes, mediante a formación de profesionais para o exercicio das actividades profesionais ligadas cos mesmos e o desenvolvemento de coñecementos e novos avances tecnolóxicos.

Visión:

O Campus Industrial ten como visión para os próximos anos situarse como o campus de especialización universitario de referencia de Galicia, concretamente no ámbito do "human-centered smart industry" cunha especial orientación aos sectores industriais tractores galegos e de maior desenvolvemento tanto na propia cidade como na súa contorna (naval, oceánico, téxtil, etc.) e obter así prestixio a nivel nacional e internacional.

Desta forma, o Campus Industrial busca contribuír a desenvolver unha industria eficiente, capaz de integrar nos seus procesos as necesidades cambiantes do consumidor individual, baseándose en novas técnicas e sistemas que permitan unha produción máis sostible, mediante a valorización da investigación e da innovación e unha transferencia activa do coñecemento ao tecido industrial e empresarial.

Valores:

O CIF ten como valores a excelencia, a interdisciplinabilidade, a integridade profesional, a proactividade para colaborar coa industria, o liderado rexional, o compromiso institucional coa sociedade, a ética e responsabilidade social, a igualdade de oportunidades, e a sustentabilidade e transparencia.

A Universidade velará para que o CIF dispoña dun equipamento idóneo e dun persoal cualificado, e baseará o seu funcionamento neste regulamento e nos preceptos que emanaren da lexislación vixente e dos acordos do Consello de Goberno da Universidade da Coruña que lle foren aplicables.

2. Tipo de membros

De acordo á normativa da Universidade da Coruña, o CIF distingue, segundo a súa categoría/situación profesional, entre os dous tipos de membros seguintes:

Permanente: persoal docente e investigador funcionario ou laboral fixo da UDC. Esta tipoloxía inclúe: catedrático/a de universidade, catedrático/a de escola universitaria, profesor/a titular de universidade, profesor/a contratado doutor/a, profesor/a titular de escola universitaria doutor/a ou non doutor/a, profesor/a colaborador/a permanente doutor/a ou non doutor/a.

Non permanente: persoal con relación contractual coa UDC. Esta tipoloxía inclúe: profesor/a axudante doutor/a, profesor/a asociado/a, contratado/a doutor/a interino/a, CIS (Contrato Interino de Sustitución), e doutores/as contratados/as con cargo a programas de recursos humanos competitivos (tipo *MSCA Experience Researcher*, Ramón y Cajal, Juan de la Cierva Incorporación e Formación, Beatriz Galindo, axudas á etapa posdoutoral da Xunta de Galicia, outras convocatorias competitivas análogas, *In-Talent*, etc.), doutores/as contratados/as como persoal investigador asociado con cargo a proxectos de investigación e axudas posdoutorais do CIF.

A maiores o CIF contempla a existencia doutro tipo de membro:

En formación: persoal non doutor con relación contractual coa UDC a través de axudas á etapa predoutoral da Xunta de Galicia, do Ministerio ou doutras convocatorias competitivas análogas, *non* doutores contratados como investigadores asociados con cargo a proxectos de investigación e axudas predoutorais do CIF.

3. Adscrición e desadscrición

A adscrición ao CIF realizarase de maneira individual, exclusivamente para efectos da actividade de investigación, desenvolvemento, transferencia e innovación, así como para accións de formación especializada vinculada ás liñas de especialización do CIF, e sen perda da adscrición ao departamento/facultade/escola e grupo de investigación á que pertenza nin menoscabo das súas obrigas.

Poderá solicitar a adscrición ao CIF o/a investigador/a que:

- Pertenza a un grupo ou unidade de investigación adscrito ao Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) ou a unha Escola ou Facultade do Campus de

Ferrol ou a un Departamento con adscrición a unha Escola ou Facultade do Campus de Ferrol e non estar adscrito de xeito individual a ningún outro centro de investigación da UDC ou

- Sexa investigador/a individual adscrito ao Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) ou a unha Escola ou Facultade do Campus de Ferrol ou a un Departamento con adscrición a unha Escola ou Facultade do Campus de Ferrol e non estar adscrito de xeito individual a ningún outro centro de investigación da UDC

A Comisión de I+D, Transferencia e relación coa Sociedade poderá autorizar en casos excepcionais a adscrición parcial a centros interuniversitarios cumprindo as normativas vixentes.

O persoal investigador permanente e non permanente, así como as figuras derivadas das políticas de captación de talento posdoutorais que soliciten adscribirse ao CIF (como Intalent, Beatriz Galindo, Ramón e Cajal etc.), deberá solicitalo de maneira expresa e presentar a documentación que, no seu momento, a dirección do CIF lles solicite. No caso de que o investigador pertencese a un centro de investigación antes de se adscribir ao CIF deberá presentar o documento de desvinculación do centro saínte salvo que éste sexa o centro de investigación de Ferrol.

O persoal investigador en formación deberá solicitalo de maneira expresa e presentar a documentación que, no seu momento, a dirección do CIF lle solicite e que incluírá como documento imprescindible o aval da súa adscrición por parte do seu/súa director/a ou investigador/a principal, permanente ou non permanente, adscrito/a ao CIF.

Para ser membro do CIF, ademais de cumprir os requisitos de avaliación sinalados nesta normativa, deberase acreditar que a/as liña/s de investigación principais que está a desenvolver o investigador/a, e a súa produción científica asociada, están aliñadas coas áreas de investigación estratéxicas definidas polo CIF.

As liñas de investigación son as seguintes:

- L1 Robótica Industrial
- L2 Materiais
- L3 Optimización de Procesos Industriais
- L4 Enxeñaría Naval e Offshore
- L5 Xestión Industrial
- L6 Desenvolvemento de Produto

As solicitudes de adscrición poderán presentarse ao longo de todo o ano. As solicitudes serán avaliadas pola Comisión de I+D, Transferencia e relación coa Sociedade ou por unha comisión delegada designada a tal efecto, polo menos nos seguintes supostos:

- De maneira periódica, polo menos 2 veces ao ano: coincidindo coas reunións ordinarias da Comisión de I+D, Transferencia e relación coa Sociedade .
- Sempre que haxa un mínimo de 5 candidaturas a avaliar.

O compromiso de adscrición estará vencellado ao período da acreditación do Campus Industrial Ferrol (2021, 2022 ampliable a 2023) e poderá ser revogada pola Comisión de I+D, Transferencia e relación coa Sociedade por causa debidamente xustificada.

A Comisión de I+D, Transferencia e relación coa Sociedade, de darse o caso, analizará de maneira individual situacións excepcionais que puideran presentarse e que non estean contempladas nesta normativa, apoiando as súas decisión nos órganos asesores que considere.

O/A Vicerreitor/a do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social certificará, cando aplique, a pertenza ao CIF das persoas adscritas.

A perda da condición de membro do CIF prodúcese:

- Por renuncia expresa do investigador individual, que deberá ser aceptada pola Comisión de I+D, Transferencia e relación coa Sociedade.
- Por resolución expresa do/a Vicerreitor/a do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, a proposta da Comisión de I+D, Transferencia e relación coa Sociedade en caso de incumprimento grave dos compromisos científicos, éticos ou financeiros.

En calquera caso, a resolución á que se refire o parágrafo anterior deberá pronunciarse de forma expresa sobre a liquidación das relacións científicas e económicas existentes entre o antigo membro e o CIF.

- De mutuo acordo.
- Por perda da vinculación coa UDC.
- No caso de investigador/a colaborador/a de outras entidades, a perda da vinculación da Institución do orixe.

A dirección do CIF deberá manter unha listaxe actualizada de persoas adscritas ao CIF

4. Requisitos de adscrición de investigadores/as Permanentes/ Non permanentes

Os investigadores/as permanentes e non permanentes do CIF serán avaliados no momento da solicitude de adscrición ao CIF, debendo cumprir as condicións sinaladas polo CIF a tal efecto, para ser efectiva a súa condición de adscrición.

Investigadores/as PERMANENTES

Será obrigatorio cumprir polo menos un dos seguintes puntos para a adscrición, que deberán acreditarse documentalmente no momento da solicitude:

- Ter recoñecido polo menos un sexenio de actividade investigadora.
- Ser, nos últimos seis anos, investigador/a principal dun proxecto de investigación financiado mediante convocatoria pública (excluídos os proxectos de convocatorias propias da universidade).
- Acreditar a autoría ou coautoría, nos últimos seis anos, de polo menos tres publicacións en revistas incluídas no Journal Citation Reports. Naquelas áreas en

que pola súa tradición non sexa aplicable este criterio, substituirase por un requisito comparable segundo o establecido pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) nestes campos científicos.

- Acreditar a autoría ou coautoría dunha patente en explotación.
- Establecer, nos últimos seis anos, polo menos tres contratos con empresas para o desenvolvemento de actividades de transferencia.

Investigadores/as NON PERMANENTES

Será obrigatorio cumprir polo menos un dos seguintes puntos para a adscrición, que deberán acreditarse documentalmente no momento da solicitude:

- Ser, nos últimos seis anos, investigador/a dun proxecto de investigación financiado mediante convocatoria pública (excluídos os proxectos de convocatorias propias da universidade).
- Acreditar a autoría ou coautoría, nos últimos seis anos, de polo menos unha publicación en revistas incluídas no Journal Citation Reports. Naquelas áreas en que pola súa tradición non sexa aplicable este criterio, substituirase por un requisito comparable segundo o establecido pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) nestes campos científicos.
- Acreditar a autoría ou coautoría dunha patente en explotación.

Investigadores/as EN FORMACIÓN

Estes/as investigadores/as non cumpren os requisitos esixidos para os investigadores/as no punto anterior.

Neste caso bastará para a adscrición o aval por parte do seu/súa director/a ou investigador/a principal, permanente ou non permanente, adscrito/a ao CIF. Estes investigadores/as soamente poderán acceder a certas convocatorias do CIF coma as de mobilidade ou formación.

5. Proceso de avaliación de investigadores/as Permanentes/ Non permanentes/ En formación

Os/As investigadores/as permanentes e non permanentes do CIF serán avaliados/as en períodos de 3 anos, nunha soa data por período, independentemente do momento de ingreso ou adscrición.

Os/As investigadores/as en formación serán avaliados/as anualmente por ver se se modificou a súa situación e son quen de cumprir os requisitos para ser investigadores/as non permanentes ou permanentes.

Os requisitos que rexan para a avaliación serán os mesmos que apliquen para a adscrición, mencionados no anterior punto 4.

En caso de que un/unha investigador/a non superara a avaliación, a Comisión de I+D, Transferencia e relación coa Sociedade emitirá a proposta de desadscrición de dito

membro. De maneira extraordinaria, e de o considerar pertinente, a Comisión de I+D, Transferencia e relación coa Sociedade poderá facer un seguimento intermedio da actividade dese/a investigador/a, co fin de ratificar ou non a proposta de desadscrición dese membro.

6. Listaxe de solicitudes e resolución

Todas as listaxes de solicitudes e resolucións serán publicadas na páxina web do CIF-
Os documentos que se publicarán son os seguintes:

- Listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas cun prazo de dous días para emendar a posible falta de documentación.
- Listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.
- Resolución provisional coa listaxe proposta para a adscrición e con aquelas solicitudes rexeitadas. Publicarase nun prazo máximo de 21 días naturais despois da data de finalización de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución provisional abrirase un período de reclamación de 5 días que contará

desde a data de publicación da resolución.

- Resolución definitiva transcorrido o prazo de reclamacións contra a resolución provisional.

7. Beneficios das persoas adscritas ao CIF

O persoal permanente e non permanente adscrito ao CIF poderá:

I. Participar nas accións do CIF

O persoal permanente e non permanente adscrito ao CIF poderá participar e ser beneficiario das posibles accións que se desenvolvan para o impulso da especialización do Campus, coma, por exemplo:

- Ámbito de investigación: programas de bolsas, estadias, proxectos asociados ao CIF, etc.
- Formación: cursos especializados e programas de formación transversais....
- Proxección: participación en grupos de traballo onde o CIF estea a posicionarse, tanto a nivel nacional como internacional, por temática, interese científico ou tecnolóxico etc.

II. Participación dos fondos estruturais do CIF

O persoal permanente e non permanente adscrito ao CIF poderá ser beneficiario dos recursos económicos e materiais obtidos polo CIF a través de axudas de carácter estrutural, como axudas do CIF, infraestruturas científico-técnicas, convenios de colaboración con administracións, programas de recursos humanos

como, por exemplo:

- Axudas para a realización de viaxes a congresos, estadias de investigación internacional, etc.
- Apoio á divulgación da súa actividade investigadora, de formación, transferencia e innovación, etc. Axudas para a mellora do impacto en publicacións científicas.
- Participación en proxectos de investigación de convocatoria interna.
- Apoio na adquisición de equipamento de I+D para o impulso das liñas de especialización do CIF.
- Acceso a plataformas tecnolóxicas europeas estratéxicas para o CIF.
- Apoio á solicitude de proxectos europeos, con posibilidade de contar cun servizo de consultoría externa.
- Apoio para a realización de programas de formación especializados e plans de formación continua en industria intelixente.

III. Apoio do persoal de xestión do CIF

O persoal permanente e non permanente adscrito ao CIF terá o apoio dado polo persoal de xestión pertencente ao CIF en determinadas tarefas como, por exemplo:

- Xestión económica das accións do CIF.
- Promoción da I+D+i do CIF.
- Accións de transferencia e posta en valor dos resultados de I+D+i.
- Apoio á xestión e comercialización de patentes.
- Difusión e divulgación de actividades científicas.
- Organización de eventos científicos (xornadas, seminarios, congresos).
- Apoio na xestión estratéxica do CIF e captación de recursos competitivos.
- Apoio na formación e captación de talento.
- Xestión de indicadores de I+D+i do CIF.
- Apoio ao posicionamento e internacionalización.

Os/As investigadores/as en formación soamente poderán beneficiarse de certas convocatorias do CIF coma as de mobilidade ou formación.

8. Obrigas dos persoas adscritas ao CIF

- I. Dispoñer de perfís científicos actualizados (ORCID, PUBLONS, SUXI-UDC etc.) , onde se consigne correctamente a filiación ao CIF.

- II. **Filiación:** para calquera tipo de publicación e segundo as instrucións de filiación da UDC:

Nome (obrigatorio).

Universidade da Coruña, Campus Industrial de Ferrol,
(outros: departamento, facultade, grupo, etc.) Ferrol, 15403, A
Coruña, Spain

Como mínimo, a filiación do CIF deberá aparecer reflectida na 2ª posición.

- III. **Proxectos e contratos de I+D+i:** nas solicitudes de proxectos de I+D+i a convocatorias da Xunta de Galicia, ao Plan estatal de I+D+i ou da Comunidade Europea debe facerse referencia á pertenza ao Campus Industrial.
- IV. **Documentación dos/as investigadores/as:** os/as investigadores/as deben entregar en prazo e forma a documentación necesaria que se solicite desde a dirección do CIF ou a oficina de xestión, para xustificacións, avaliacións, informes ou o que proceda. Para facilitar este proceso cando un investigador/a teña unha nova publicación, se lle conceda un novo proxecto, patente, en definitiva, cando acade calquer novo mérito como investigador/a, debe poñelo en coñecemento da Oficina do CIF a través do correo electrónico. Esta medida facilitará moito o seguemento dos indicadores por parte do persoal da Oficina do CIF, que son requisito indispensable para a revisión da acreditación do mesmo.
- V. **Publicidade:** cumprir coas instrucións de publicidade ás que estea suxeito o CIF segundo as fontes de financiamento estratéxico activo, e que serán facilitadas a medida que sexan de aplicación.

Na sinatura do correo electrónico e nas presentacións públicas haberá que incluír o logotipo do CIF, que está dispoñible na páxina web do CIF

O CIF dispón de modelos de documentos para informes, memorias, presentacións, actas, etc., que cumpran coa normativa en materia de publicidade, e que serán facilitadas por medio dun Manual de Identidade Corporativa. Se estes modelos non se utilizasen como referencia, ao menos haberá que replicar a publicidade e o logotipo CIF na presentación alternativa.

- VI. **Normas:** acatar e cumprir todas as normas e acordos ditadas polos órganos de Dirección, relativos ao funcionamento do CIF.

En caso de que un/unha investigador/a incumpra calquera das obrigas de maneira continuada, a Comisión de I+D, Transferencia e relación coa Sociedade emitirá a proposta de desadscrición de dito membro.

Disposicións derradeiras

O Consello Reitor poderá modificar e/ou actualizar esta normativa interna sempre que o considere, a partir das recomendacións que lle faga a Comisión de I+D, Transferencia e relación coa Sociedade

A presente normativa interna de adscrición entrará en vigor ao día seguinte da súa

aprobación polo Consello Reitor do CIF